



● Ofértanse dúas actividades: unha charla e un percorrido cultural.

– As **charlas** están concibidas como unha exposición didáctica dun tema relacionado co patrimonio arqueolóxico e etnográfico da zona escollida.

– Os **percorridos** complementan o achegamento ao patrimonio histórico, combinando deporte e cultura. Están ideados cun trazado lineal ou circular de aproximadamente 5 km e sobre 3 horas de duración. A ruta percorre distintos bens culturais e puntos de atractivo paisaxístico e ambiental. Son guiados por unha persoa especialista ou coñecedora da zona.

● Sinálase un **punto de encontro** para comezar as marchas culturais en cada parroquia. Estas rutas só se suspenderían en caso de previsión de chuvia abundante. Nese caso, avisaríase a través de carteis na parroquia onde se realice e a través dos medios de comunicación.



● As delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte e da Consellería do Medio Rural en Pontevedra ofrecen unha serie de charlas e visitas en distintos concellos, coa finalidade de divulgar o **patrimonio arqueolóxico** entre distintos colectivos: parroquias, comunidades de montes, entidades menores...

● Os **Montes Veciñais en Man Común** constitúen un xeito de propiedade moi singular, privada e colectiva, a favor dos veciños con casa aberta e residencia habitual na parroquia ou lugar. Teñen unha grande importancia en Galicia, chegando en número a preto de 3.000, dos que 650 están en Pontevedra, e en superficie supoñen un pouco máis do 20% sobre o total do país.

● A xestión sostíbel dos montes paleos evoluciona para ter en conta e defender a conservación da natureza e o noso patrimonio cultural. Somos conscientes de que os xacementos arqueolóxicos precisan dun profundo **labor de divulgación e sensibilización** que, en última instancia, repercutirá na súa protección.

● Despraciadamente, algunhas veces os xacementos son destruídos por descoñecemento, de aí que divulgar a existencia dese patrimonio entre a veciñanza da zona e o robo, en xeral, sexa unha forma de o pór en valor e de conservalo para o futuro, de **preservar unha parte da nosa historia máis antiga**.

# Patrimonio no medio

pontevedra, primavera  
2008

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLARÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL

D.L. PO 202-2008



  
Organización Galega  
de Comunidades de Montes  
Veciñais en Man Común



CONCELLO	PARROQUIA	COMUNIDADE DE MONTES OU ENTIDADE COLABORADORA	DATA, HORA E LUGAR		TEMÁTICA	GUÍA - RELATOR/A
			CHARLA	PERCORRIDO*		
Cerdedo A Lama	Presqueiras e A Barcia do Seixo	Asociación Cultural Portalén. A Lama	Sábado, 19 de abril, ás 19 h. no Casino de Antas. (A Lama)	Domingo, 20 de abril, ás 10 h. na praza da igreja de Cerdedo	Monte Seixo: etnografía e mitoloxía	Carlos Solla Varela (Profesor, ensino secundario)
Cuntis	Cuntis	Castro Landín	Venres, 25 de abril, ás 21 h. na Casa da Cultura de Cuntis	Domingo, 27 de abril, ás 10 h. na Casa da Cultura. Praza das Árbores. Cuntis	Arqueoloxía	Carlos Otero Vilariño (Arqueólogo, Universidade de Santiago-CSIC)
Covelo	A Graña	A Graña	Sábado, 10 de maio, ás 18 h. no Bar do Porteliña, na Graña	Domingo, 11 de maio, ás 10'30 h. na igrexa parroquial da Graña	Etnografía, arqueoloxía e paisaxe	Paula Ballesteros Arias (Etnógrafa. I.E.G.Padre Sarmiento-CSIC)
O Grove	San Vicente do Grove	San Vicente do Grove	Venres, 23 de maio, ás 20 h. na Casa da Cultura Ángel Vázquez Hereder, de San Vicente do Grove	Domingo, 25 de maio, ás 10 h. na igrexa parroquial de San Vicente do Grove	Arqueoloxía e etnografía	Relator: Fermín Pérez Losada (Profesor de Arqueoloxía. Universidade de Vigo) Guía: Adolfo Fernández Fernández (Profesor de Arqueoloxía. Universidade de Vigo)
Cangas	O Hío	O Hío	Venres, 30 de maio ás 20 h. na Escola Vella, en Santiás (O Hío)	Domingo, 1 de xuño, ás 10 h. no Bar Costa da Vela, en Donón (O Hío)	Arqueoloxía e paisaxe	Xosé Suárez Otero (Arqueólogo, S.A. Xestión Plan Xacobeo)
Tui	Pazos de Reis	Entidade Local Menor de Pazos de Reis	Xoves, 5 de xuño, ás 20 h. na Casa Cultural de Pazos de Reis	Domingo, 8 de xuño, ás 10 h. no Colexio público de Pazos de Reis. Estrada do monte Aloia	Arqueoloxía, historia e medio ambiente	Juan José Perles Fontao (Arqueólogo. Anta de Moura, S.L.)

\*Lugar no que partirá a ruta de sendeirismo do patrimonio cultural